

Adaptación: **JOAN DE DÉU PRATS**  
Ilustracións: **PEP MONTSERRAT**  
Tradución: **VITORIA BALLESTEROS**  
Interpretación: **ORCHESTRA&CORO TEATRO  
COMUNALE DELL'OPERA GENOVA  
DANIEL OREN**

Libro-disco. Encadernado en cartonné.  
36 páxinas a toda cor. 24,5x21,5 cm.  
Dispoñible en:

- Galego: "Turandot"  
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-8464-704-1
  - Portugués: "Turandot"  
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-05-6
  - Italiano: "Turandot"  
Libri per Sognare. ISBN 978-88-95933-20-7
- Prezo: 22 €



## TURANDOT de GIACOMO PUCCINI

**Era unha hora incerta. A hora na que o sol xa se ocultara tras o horizonte pero aínda non asomara a lúa. Durante aquel intre de tempo irreal, numerosas sombras, coma chamus negras, aproximábanse á ampla praza onde se achaba o palacio imperial. Os fachos que rodeaban aquel gran recinto iluminaban coa súa feble luz todas esas sombras: o pobo de Pequín, que se amoreaba para presenciar un macabro espectáculo... o espectáculo dunha execución.**

Coma unha maldición, unha sinistra lei ensombrecía China: unha lei imposta pola filla do emperador, Turandot, a princesa do corazón de xeo. Desde entón, a escuridade cubría a Corte Imperial de Pequín. Porén, un nobre príncipe sen reino e unha escrava fiel e namorada loitaron por disipar as tebras que se abatían sobre tan afastado país.

O drama lírico de Giacomo Puccini (Lucca, 1858-Bruxelas, 1924) sitúanos na refinada civilización chinesa. O derradeiro gran compositor do bel canto italiano fixo importantes achegas ao mundo operístico: os seus achados harmónicos, o seu extraordinario sentido teatral, a orquestración rica e orixinal e a importancia dos personaxes femininos. Aqueixado dun cancro de gorxa, non puido rematar "Turandot", sendo Franco Alfano quen lle engadiu unha breve conclusión.

Este título súmase á colección de ópera en galego para nenos impulsada por KALANDRAKA en colaboración co selo especializado HIPÓTESI, xunto con "Aida", "A Frauta Máxica", "O barbeiro de Sevilla", "Porgy & Bess" e "O elixir do amor". Cada un contén unha adaptación do libreto, ilustracións dalgunhas pasaxes, indicacións ao longo do relato



que corresponden coas respectivas pistas no CD de audición, e unha breve biografía do compositor.

### JOAN DE DÉU PRATS (Barcelona, 1962)

Estudou Xornalismo e traballa como escritor. Publicou máis de 70 obras de narrativa infantil e xuvenil. Tamén realizou adaptacións de óperas, contos clásicos e traducións. Colabora con revistas e xornais como Cavall Fort, Tertzavents, Avui, La Vanguardia, El Mundo e El Periódico de Catalunya. Ao longo da súa traxectoria recibiu varios premios.

### PEP MONTSERRAT (Barcelona, 1966)

Ilustrador e grafista, estudou pintura en Llotja (Barcelona). Ilustrou numerosos álbums infantís. Pola súa obra, que figura na lista de honra da IBBY, recibiu o Premio Junceda e outros galardóns do Ministerio de Cultura, a Generalitat de Catalunya e a Fundación Santa María. Participou na exposición da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia en 2005. Colabora con xornais e revistas de España e Estados Unidos. Dende 1998 imparte obradoiros na Escola Massana de Barcelona.

- **Temática:** libro-disco de ópera para nenos
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** contén libreto adaptado, guía de audición e biografía do compositor
- **Aplicacións:** iniciación á ópera, nas súas diversas expresións; instrumentos musicais; tipos de voz